



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Número 432  
15 de febreiro de 2019



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

#### Rexeitamento da toma en consideración

##### ■ 20123 (10/PPLC-000006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña [148051](#)

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.5. Mocións

##### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

#### Aprobación por unanimidade con modificacións

##### ■ 45124 (10/MOC-000123)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 39868, publicada no BOPG nº 383, do 14.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019) [148051](#)

#### Rexeitamento da iniciativa

##### ■ 45125 (10/MOC-000124)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 35663, publicada no BOPG nº 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019) [148052](#)

##### ■ 45115 (10/MOC-000125)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas. (Moción a consecuencia da Interpe-



lación nº 40247, publicada no BOPG nº 386, do 21.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019) [148053](#)

#### **I 45116 (10/MOC-000126)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a defensa pola Xunta de Galicia, nos espazos políticos e institucionais e nos acordos que leve a cabo, dos dereitos humanos, da igualdade de mulleres e homes e do autogoberno. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 43058, publicada no BOPG nº 414, do 18.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019) [148053](#)

### **1.3.6. Proposicións non de lei**

#### **1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno**

##### **1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas**

### **Aprobación sen modificacións**

#### **I 44345 (10/PNP-003308)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e dezanove deputados/as máis

Sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia respecto ao Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2019 [148053](#)

#### **I 44787 (10/PNP-003348)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Feijóo, Alberto e catro deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa situación de Venezuela [148054](#)

### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

#### **I 41431 (10/PNP-003132)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central relativa á defensa da inclusión da conexión Vigo-Porto no Corredor Atlántico, dentro do proceso de reforma dos regulamentos UE 1315/2013 e 1316/2013 do Parlamento e do Consello Europeo [148055](#)

### **Rexeitamento da iniciativa**

#### **I 25169 (10/PNP-001794)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre a implantación polo Goberno galego do Servizo de Hemodinámica as 24 horas do día no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense [148055](#)

#### **I 41484 (10/PNP-003140)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



**Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis**

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de vivenda para a emancipación xuvenil

[148055](#)

**I 42795 (10/PNP-003210)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Solla Fernández, Eva**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia destinadas a levar a cabo a xestión directa do Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia

[148056](#)

**I 43939 (10/PNP-003268)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis**

Sobre o Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2019 en relación co investimento para Galicia

[148056](#)

**I 44503 (10/PNP-003325)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo das peaxes nas autoestradas AP-9 e AP-53

[148056](#)



O Pleno do Parlamento, na sesión do 12 de febreiro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

## **1. Procedementos parlamentarios**

### **1.1. Procedementos de natureza normativa**

#### **1.1.2. Propostas de normas**

##### **1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei**

##### **1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados**

### **Rexeitamento da toma en consideración**

- 20123 (10/PPLC-000006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña

BOPG nº 211, do 15.11.2017

Sometida a votación, obtense o resultado de 17 votos a favor, 40 votos en contra e 14 abstencións, polo que non se toma en consideración.

### **1.3. Procedementos de control e impulso**

#### **1.3.5. Mocións**

##### **1.3.5.4. Mocións tramitadas**

### **Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 45124 (10/MOC-000123)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 39868, publicada no BOPG nº 383, do 14.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)

BOPG nº 427, do 06.02.2019

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes

O texto aprobado é o seguinte:

«Por iso hoxe solicitamos ao Parlamento de Galicia que reafirme o seu compromiso coa igualdade e contra a violencia machista así como coa consecución inmediata dun Pacto galego contra a violencia machista, e insta a Xunta de Galicia a:

1. Impulsar decididamente as medidas contidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero de Congreso e Senado co obxectivo de combater o terrorismo machista, que ten o seu caldo



de cultivo nunha cultura e educación profundamente antidemocrática e que parte da idea da superioridade do home sobre a muller.

1.1. Para isto a Xunta de Galicia comprométese a remitir, ou incorporar como addenda no vindeiro informe anual que se elabora ao abeiro da disposición adicional cuarta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, información detallada sobre a concreción das actuacións financiadas polo Estado, de forma que se poida avaliar o alcance da aplicación do Pacto estatal por parte dos ámbitos implicados na prevención e no tratamento da violencia machista.

2. Manifestar a súa repulsa a todas as manifestacións da devandita violencia, o seu compromiso coas vítimas e declarar tolerancia cero cos maltratadores.

3. Expresar o seu rexeitamento a calquera posicionamento político que propugne a eliminación ou minoración das medidas de protección das mulleres fronte á violencia machista, así como o drama social e as consecuencias que ten para as vítimas.

4. Rexeitar a adopción de calquera tipo de acordo, explícito ou implícito, con formacións que propugnan a supresión ou redución das medidas de protección das mulleres, dando así cobertura a políticas irresponsables que levan un altísimo risco de agravar o problema.

5. No marco do reforzo das iniciativas para combater esta secuela, a comprometerse a impulsar a aplicación da Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei 12/2016, do 22 de xullo, de modificación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento Integral da violencia de xénero, en coordinación con todos os poderes públicos, tanto locais como autonómicos e estatais.

6. Para o seguimento por parte do Parlamento galego, a Xunta de Galicia comprométese a facilitar o punto 1.1. así como un debate anual ao respecto, conforme o comprometido verbalmente polo vicepresidente da Xunta de Galicia.

7. Garantir o cumprimento do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica, coñecido como o Convenio de Estambul.

8. Iniciar, durante o primeiro semestre do ano 2019, a posta en marcha dos acordos parlamentarios tomados o 12 de abril e o 11 de setembro de 2018, acerca da elaboración dunha macroenquisa galega sobre a incidencia das violencias machistas ao longo do ciclo de vida das mulleres, e dar conta e facer partícipe da elaboración desta á Comisión Permanente de Estudo para a Igualdade e para os dereitos das Mulleres.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 45125 (10/MOC-000124)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía. (Moción a consecuen-



cia da Interpelación nº 35663, publicada no BOPG nº 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)

BOPG nº 427, do 06.02.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 45115 (10/MOC-000125)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 40247, publicada no BOPG nº 386, do 21.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)

BOPG nº 427, do 06.02.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 45116 (10/MOC-000126)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a defensa pola Xunta de Galicia, nos espazos políticos e institucionais e nos acordos que leve a cabo, dos dereitos humanos, da igualdade de mulleres e homes e do autogoberno. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 43058, publicada no BOPG nº 414, do 18.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)

BOPG nº 427, do 06.02.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

### **1.3.6. Proposicións non de lei**

#### **1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno**

##### **1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas**

#### **Aprobación sen modificacións**

- 44345 (10/PNP-003308)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e dezanove deputados/as máis

Sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia respecto ao Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2019

BOPG nº 423, do 31.01.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 38 votos a favor, 19 votos en contra e 13 abstencións



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia acorda:

1. Manifestar o rexeitamento do Parlamento de Galicia ao proxecto de lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2019 presentado polo Goberno de España, por seren uns orzamentos irrealis e absolutamente discriminatorios para Galicia.
2. Solicitar da Xunta de Galicia que se dirixa aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Senado para solicitarlles a modificación destes Orzamentos Xerais do Estado para 2019 de tal xeito que, cando menos, se manteña o nivel de investimento para Galicia recollido na Lei de orzamentos xerais do Estado de 2018 e se inclúan as partidas suficientes para iniciar, continuar ou rematar as obras en ferrocarrís, autovías, estradas e outros proxectos comprometidos e orzados polo anterior Goberno do Estado.
3. Dar traslado destes acordos ao Goberno, aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, do Senado e do Parlamento de Galicia, así como á Xunta de Galicia.»

- 44787 (10/PNP-003348)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Feijóo, Alberto e catro deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa situación de Venezuela. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 423, do 31.01.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 51 votos a favor, 19 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia acorda declarar a súa solidariedade e o seu apoio ao pobo de Venezuela, co que temos tantos vínculos familiares, e ás súas institucións lexitimamente constituídas, nos seguintes termos:

1. Que é necesario que se tomen medidas para actuar de forma urxente ante a situación de emerxencia humanitaria que vive o país por estes anos de sometemento a un réxime socialista bolivariano que só trouxo pobreza, falta de alimentos e medicinas e unha violencia extrema que xera unha inseguridade permanente con risco cotián para o dereito fundamental á vida.
2. Que apoia á Asemblea Nacional lexitima democraticamente elixida polo pobo venezolano.
3. Que apoia ao presidente da Asemblea tamén lexitimo e elixido democraticamente.
4. Que en Venezuela debe iniciarse un proceso de normalización democrática, dando paso a unhas eleccións libres con todas as garantías que exige a comunidade internacional, que poña fin a este proceso de réxime autoritario que conculca de xeito cotián os dereitos individuais, so-





ciais e políticos dos cidadáns venezolanos; e que o dito proceso debe facerse de acordo co que estableza a Asemblea Nacional e o seu presidente como representantes lexítimos do pobo venezolano.

5. Que Galicia asume o compromiso, como fixo ata agora, de axudar os galegos de Venezuela para saíren desta difícil situación na que se encontran e avanzaren cara ao camiño da prosperidade e do benestar, como achega á recuperación do conxunto do pobo venezolano.»

### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 41431 (10/PNP-003132)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central relativa á defensa da inclusión da conexión Vigo-Porto no Corredor Atlántico, dentro do proceso de reforma dos regulamentos UE 1315/2013 e 1316/2013 do Parlamento e do Consello Europeo

BOPG nº 397, do 13.12.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que inste o Goberno español á defensa da inclusión da conexión Vigo-Porto no Corredor Atlántico dentro do proceso de reforma regulamentaria dos Regulamentos UE 1315/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 sobre as orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte, e 1316/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 polo que se crea o mecanismo Conectar Europa.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 25169 (10/PNP-001794)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre a implantación polo Goberno galego do Servizo de Hemodinámica as 24 horas do día no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

BOPG nº 260, do 14.02.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por votos 33 a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

- 41484 (10/PNP-003140)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de vivenda para a emancipación xuvenil

BOPG nº 397, do 13.12.2018



Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

- 42795 (10/PNP-003210)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia destinadas a levar a cabo a xestión directa do Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia

BOPG nº 414, do 18.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

- 43939 (10/PNP-003268)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre o Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2019 en relación co investimento para Galicia

BOPG nº 417, do 23.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 6 votos a favor, 38 en contra e 26 abstencións.

- 44503 (10/PNP-003325)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo das peaxes nas autoestradas AP-9 e AP-53

BOPG nº 423, do 31.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 19 votos a favor, 38 en contra e 13 abstencións.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

